



Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA PLENO ORDINARIO

29 DE ABRIL DE 2019.

Membros que asisten:

Alcalde-presidente: Manuel Santos Ruiz Rivas (**grupo m. P.P.**)

- Manuel Emilio Pérez Outeiral. (**grupo m. P.P.**)
- Elvira Pereira Ageitos. (**grupo m. P.P.**)
- María Esther Patiño Rey (**grupo m. P.P.**)
- Víctor Reiriz Lampón. (**grupo m. P.P.**)
- Anxo Orellán Fernández. (**grupo m. P.P.**)
- Antonio Javier Jesús Freire Brión (**grupo m. P.P.**)
- David Fernández Fernández (**grupo m. P.P.**)

- Xosé Antonio Vázquez Cobas. (**grupo m. BNG**)
- Luís Antonio Pérez Barral. (**grupo m. BNG**)
- Pilar Sampedro Laranga. (**grupo m. BNG**)

- José Manuel Vilas Alvarez (**grupo m. PSdeG-PSOE**)
- María de la Almudena Basoco Mariño (**grupo m. PSdeG-PSOE**)
- Manuel Antonio García Pérez (**grupo m. PSdeG-PSOE**)

- José Manuel Cardalda Novo (**grupo m. C,s**)

- María Rosa Natividad García Pose (**grupo m. IPdeR**)
- Juan Manuel Reiriz Lampón (**grupo m. IPdeR**)





- Asier Casais Alvarez (**Concelleiro non adscrito**).
- María José Brión Díaz (**Concelleira non adscrita**).
- María Dolores Elorduy Callón. (**Concelleira non adscrita**).

Excusa a súa ausencia:

- Elvira Blanco Pérez. (**grupo m. BNG**).

Asiste o **interventor xeral** do Concello: Pablo Bao Castro.

Asiste o **secretario xeral** do concello: Juan Manuel Salguero del Valle.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Riveira, sendo as **vinde horas do luns 29 de abril de 2019** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 24-04-2019*), reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde os membros do Pleno enumerados, e coa asistencia do secretario xeral que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia ás vinte horas, e pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO 25 DE MARZO DE 2019.

Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o **25 de marzo de 2019**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as





se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **25 de marzo de 2019**.

Non hai votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **25 de marzo de 2019**.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO 1 DE ABRIL DE 2019.(Sorteo mesas electorais Eleccións Xerais 2019)

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o **1 de abril de 2019**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira**, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **1 de abril de 2019**. **(Sorteo mesas electorais Eleccións Xerais 2019)**

Non hai votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión extraordinaria** celebrada o **1 de abril de 2019**. **(Sorteo mesas electorais Eleccións Xerais 2019)**.

3:- SORTEO MEMBROS DAS MESAS. "ELECCIÓNS MUNICIPAIS E PARLAMENTO EUROPEO 26 DE MAIO DE 2019".

Dase conta e lectura do **artigo 26 da Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral**, que é o do seguinte tenor literal:

"1. La formación de las Mesas compete a los Ayuntamientos, bajo la supervisión de las Juntas Electorales de Zona.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

2. El Presidente y los vocales de cada Mesa son designados por sorteo público entre la totalidad de las personas incluidas en la lista de electores de la Mesa correspondiente, que sepan leer y escribir y sean menores de setenta años, si bien a partir de los sesenta y cinco años podrán manifestar su renuncia en el plazo de siete días. El Presidente deberá tener el título de Bachiller o el de Formación Profesional de segundo Grado, o subsidiariamente el de Graduado Escolar o equivalente.

3. Se procede de la misma forma al nombramiento de dos suplentes para cada uno de los miembros de la Mesa.

4. Los sorteos arriba mencionados se realizaran entre los días vigésimo quinto y vigésimo noveno posteriores a la convocatoria”.

O sorteo realizase a través do programa proporcionado polo Instituto Nacional de Estadística (INE), denominado “COnOCE”.

Realizado o sorteo, polo Sr. secretario procédese a súa sinatura e ó seu depósito na Alcaldía parfas poñelas a disposición de todos/as os/as concelleiros/as e posterior envío á Xunta Electoral de Zona de Noia.

Os posteriores nomeamentos de membros de mesas (presidentes, vocais e suplentes dos mesmos), xa sexa por non poder realizarse a correspondente notificación, ou por aceptación de excusa por parte da Xunta Electoral de Zona de Noia, realizaranse nomeando aos seguintes electores que correspondan seguindo as pautas do propio programa informático que xerará unha lista cun total de sete (7) suplentes (2 iniciais+5 cargados para novos nomeamentos).

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, SISTEMA DE APLICACIÓN PROGRESIVA/PLURIANUAL DO IMPACTO RETRIBUTIVO DERIVADO DE APROBACIÓN DA PRIMEIRA RPT (2009) DO CONCELLO DE RIVEIRA. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas do día 23 de abril de 2019 do seguinte tenor literal:

“VISTO que a aprobación da primeira Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Riveira, que data do exercizo 2009 (acordo plenario de 22 de decembro, publicada no BOP nº 274 de 31 de decembro), contemplaba un sistema de aplicación progresiva, en varios anos (ata o 2014), dos incrementos retributivos derivados da súa entrada en vigor.

VISTO que o devandito acordo establecía que “o impacto retributivo desta RPT distribuírse entre os exercizos 2009 a 2014, cunha aportación do Concello de 161.140 euros no exercizo 2009 e aportacións proporcionais iguais nos exercizos de 2010 a 2014 ata acardar os salarios marcados pola RPT (que se actualizarán cada ano segundo o previsto nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e nas normas de recuperación de poder adquisitivo que legalmente sexan de aplicación ás retribucións do persoal ó servizo da Administración Local).

VISTO que a aplicación plurianual comenzo a facerse efectiva tras a súa aprobación, se ben foi paralizada a partires do exercizo 2012 por mor da entrada en vigor do Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, sen terse retomado en ningún momento posterior, e polo tanto, sen terse rematado no momento actual.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

VISTOS os informes de Secretaría e Intervención obrantes no expediente, así como o emitido pola Asistencia Técnica encargada polo Concello ao efecto, e que o que se pretende con esta proposta de acordo non é un aumento senón cumprir co acordo adoptado polo Pleno da Corporación na Sesión de 22 de decembro de 2009, atendendo ó **carácter excepcional e singular** da medida.

CONSIDERANDO a normativa aplicable, en especial:

-“Resolución de 22 de marzo de 2018, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se publica el II Acuerdo Gobierno-Sindicatos para la mejora del empleo público y las condiciones de trabajo”.

-Leis de Orzamentos Xerais Xerais do Estado a partir do ano 2012.

-Real decreto- lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

-Acordo Regulador-Convenio Colectivo Concello de Riveira.

-Criterios para a aplicación do Título I do Real Decreto 20/2012 publicado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no ámbito das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.

- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local.

- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

-Ley 30/1984 de Medidas Urgentes para a Reforma da Función Pública

- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- RD Legislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproban as Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local.

-Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, no referido ás disposicións da mesma aínda vixentes, Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público; e normativa orzamentaria análoga precedente e/ou concordante.

Por medio da presente propónse á Comisión Informativa de **FACENDA, ECONOMÍA E PATRIMONIO, E ESPECIAL DE CONTAS**, que previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopte acordo favorable sobre o seguinte:

Primeiro:-Retomar o sistema de aplicación plurianual do impacto retributivo derivado da aprobación da primeira RPT (2009) do Concello de Riveira (acordo plenario de 22 de decembro de 2009) e pendente ó día da data no que respecta aos exercizos 2012. 2013 e 2014, sen que esto implique unha vulneración das previsións/limitacións normativas aplicables ao respecto do incremento retributivo do persoal ao seu servizo; e sempre que estas se manteñan, en termos semellantes, durante todos os anos da súa materialización.





Segundo:-Habilitar ó longo dos exercizos **2019, 2020 e 2021** o crédito adecuado e suficiente para facer efectivo este acordo, e na seguinte porcentaxe, para cada un dos exercizos, previamente consensuada cos representantes dos/as traballadores/as municipais (Comité de Empresa e Xunta de Persoal):

-2019: 50%

-2020: 33%.

-2021: 17%

Non obstante o anterior, no suposto de que o resultado orzamentario fora positivo ("superávit"), poderá facerse efectivo ó longo de dous exercizos (2019: 50%, 2020: 50%), previo acordo entre as partes.

En todo caso o reparto será equitativo ó longo das anualidades que procedan.

Terceiro:-Facultar ó Sr.alcalde-presidente e ó Sr.concelleiro delegado de persoal tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Cuarto:-Comunicar o presente acordo ó Comité de Empresa, Xunta de Persoal e Departamentos Municipais de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómete a votación ordinaria a **proposición do grupo municipal de goberno ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, ECONOMÍA E PATRIMONIO E ESPECIAL DE CONTAS** de data 23 de abril de 2019, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 20 (8 PP, 3 BNG, 3 Ps de G-Psoe, 2 IPR, 1 C'S, 3 N. Ad)

-VOTOS EN CONTRA:0

-ABSTENCIÓNS:0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos vinte membros presentes dos vinteun que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito, da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, ECONOMÍA E PATRIMONIO E ESPECIAL DE CONTAS de data 23 de abril de 2019 relativo a **APROBACIÓN, SE PROCEDE, SISTEMA DE APLICACIÓN PROGRESIVA/PLURIANUAL DO IMPACTO RETRIBUTIVO DERIVADO DE APROBACIÓN DA PRIMEIRA RPT (2009) DO CONCELLO DE RIVEIRA. ADOPCIÓN**





DOS ACORDOS QUE PROCEDAN, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

Primeiro:-Retomar o sistema de aplicación plurianual do impacto retributivo derivado da aprobación da primeira RPT (2009) do Concello de Riveira (acordo plenario de 22 de decembro de 2009) e pendente ó día da data no que respecta aos exercizos 2012, 2013 e 2014, sen que esto implique unha vulneración das previsións/limitacións normativas aplicables ao respecto do incremento retributivo do persoal ao seu servizo; e sempre que estas se manteñan, en termos semellantes, durante todos os anos da súa materialización.

Segundo:-Habilitar ó longo dos exercizos **2019, 2020 e 2021** o crédito adecuado e suficiente para facer efectivo este acordo, e na seguinte porcentaxe, para cada un dos exercizos, previamente consensuada cos representantes dos/as traballadores/as municipais (Comité de Empresa e Xunta de Persoal):

-2019: 50%

-2020: 33%.

-2021: 17%

Non obstante o anterior, no suposto de que o resultado orzamentario fora positivo ("superávit"), poderá facerse efectivo ó longo de dous exercizos (2019: 50%, 2020: 50%), previo acordo entre as partes.

En todo caso o reparto será equitativo ó longo das anualidades que procedan.

Terceiro:-Facultar ó Sr.alcalde-presidente e ó Sr.concelleiro delegado de persoal tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Cuarto:-Comunicar o presente acordo ó Comité de Empresa, Xunta de Persoal e Departamentos Municipais de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

5.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, MODELOS ACTUALIZADOS DA DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN Ou POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS, ASÍ COMO DO MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS E A CREACIÓN DOS SEUS CORRESPONDENTES REXISTROS

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas do día 23 de abril de 2019 do seguinte tenor literal:

"Considerando que, por Providencia de Alcaldía de data 22 de abril de 2019, manifestouse a necesidade de aprobar o modelo de documento necesario para a realización da declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como modelo para efectuar a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades e a creación dos seus correspondentes Rexistros.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 22 de abril de 2019, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. Aprobar o modelo de documento necesario para a realización da declaración sobre **causas de posible incompatibilidade** e sobre calquera **actividade** que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos (**Anexo I**), así como o modelo para efectuar a declaración dos seus **bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo**, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades (**Anexo II**).

Segundo. Aprobar a creación dos correspondentes Rexistros de Actividades e de Bens Patrimoniais.

Terceiro. Comunicar aos representantes locais, o Persoal directivo local e os Funcionarios das Corporacións Locais con habilitación de carácter estatal [que desempeñen nas Entidades locais postos que sexan provistos mediante libre designación en atención ao carácter directivo das súas funcións ou á especial responsabilidade que asuman] que deberán completar e presentar no Rexistro correspondente a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades, segundo modelo normalizado".

ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE ACTIVIDADES QUE PROPORCIONE Ou POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS¹

APellidos e Nome
CARGO
De conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 30 e 31 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, formula a seguinte declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades e declara: Que [NON concorre ningunha das causas de incompatibilidade descritas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeneral/que concorren as seguintes causas de incompatibilidade das descritas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeneral] 1. _____ 2. _____].

¹ Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados no ficheiro «Rexistro de Intereses» do Concello cuxa finalidade é coñecer os bens e as causas de posible incompatibilidade e actividades dos representantes locais poderán ser cedidos a quen acrediten un interese lexítimo directo e de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.





ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE		
1. ACTIVIDADE/CARGO PÚBLICO		
ADMINISTRACIÓN/EMPRESA/ORGANISMO:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
DENOMINACIÓN DO POSTO:	CORPO/ESCALA:	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		
REMUNERACIÓN:		
2. CARGO DE REPRESENTACIÓN POPULAR		
ÓRGANO:	CARGO:	REMUNERACIÓN:
3. CARGO EN CÁMARAS Ou COLEXIOS PROFESIONAIS		
CORPORACIÓN:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
CARGO:	REMUNERACIÓN:	
4. ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA		
ACTIVIDADE Ou EMPRESA:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		
5. ACTIVIDADE POR CONTA ALLEA		
ENTIDADE Ou EMPRESA:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE Ou EMPRESA:		
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE:		
6. OUTRAS ACTIVIDADES		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

7. AMPLIACIÓN DE DATOS POLO DECLARANTE	
8. TIPO DE DECLARACIÓN	
Marcar cunha X o cadro que proceda:	
☐	Inicial
☐	Final (por cesamento no cargo)
☐	Modificación (declaración de actualización ou modificación da información)

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e para que conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración, declarando ser certos os datos nela consignados.

O Declarante.

Ante mín, o secretario xeral

Asdo.....

Asdo.....

ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS E DA PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES²

APELIDOS E NOME
CARGO
De conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, formulo a seguinte declaración sobre os bens e dereitos que integran o meu patrimonio:

² Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados no ficheiro «Rexistro de Intereses» do Concello cuxa finalidade é coñecer os bens e as causas de posible incompatibilidade e actividades dos representantes locais e poderán ser cedidos a quen acrediten un interese lexítimo directo e de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.





1. BENS INMOBLES

CLASE	MUNICIPIO	TIPO DE DEREITO	DE	TÍTULO DE ADQUISICIÓN	DE	DATA DE ADQUISICIÓN	DE	PARTICIPACIÓN (%)	VALOR CATASTRAL

2. BENS MOBLES

A) DEPÓSITOS EN CONTAS CORRENTES Ou DE AFORRO

CLASE	ENTIDADE DE DEPÓSITO	SALDO MEDIO ANUAL (euros)

B) ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS EN TODO TIPO DE SOCIEDADES

TIPO DE SOCIEDADE	CLASE DE PARTICIPACIÓN

C) SEGUROS E PLANS DE PENSÍONS

ENTIDADE	VALOR ESTIMADO A 31 DE DECEMBRO DO ANO ANTERIOR





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

D) VEHÍCULOS (AUTOMÓBILES, MOTOCICLETAS, EMBARCACIONES, AERONAVES...)			
CLASE	MARCA E MODELO	DATA DE ADQUISICIÓN	
E) SEMOVIENTES			
ESPECIES	Núm. DE CABEZA	DESCRIPCIÓN	OBSERVACIONES
F) BENS DE CARÁCTER ARTÍSTICO/DE CONSIDERABLE VALOR ECONÓMICO			
CLASE	DATA DE ADQUISICIÓN	VALOR ARTÍSTICO	VALOR ECONÓMICO
3. DÉBEDAS E OBLIGACIÓN			
A) PRÉSTAMOS			
ACREDOR	DATA DE CONCESIÓN	IMPORTE	SALDO PENDENTE A 31 DE DECEMBRO DO ANO ANTERIOR
B) OUTRAS DÉBEDAS E OBLIGACIÓN			
TIPO	DATA	IMPORTE	
4. OUTRAS OBSERVACIONES			
(Consideracións adicionais que quere facer constar o declarante)			





5. TIPO DE DECLARACIÓN

Marcar cunha "X" o cadro que proceda

	Inicial
	Final (por cesamento no cargo)
	Modificación (declaración de actualización ou modificación da información)

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e para que conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración, declarando ser certos os datos nela consignados.

O Declarante.

Ante mín, o secretario xeral

Asdo.....

Asdo.....

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómete a votación ordinaria a **proposición do grupo municipal de goberno ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, ECONOMÍA E PATRIMONIO E ESPECIAL DE CONTAS** de data 23 de abril de 2019, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 20 (8 PP, 3 BNG, 3 Ps de G-Psoe, 2 IPR, 1 C'S, 3 N. Ad)

-VOTOS EN CONTRA:0

-ABSTENCIÓNS:0





Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos membros presentes dos vinteun que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito, da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, ECONOMÍA E PATRIMONIO E ESPECIAL DE CONTAS de data 23 de abril de 2019 relativo a **APROBACIÓN, SE PROCEDE, MODELOS ACTUALIZADOS DA DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN Ou POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS, ASÍ COMO DO MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS E A CREACIÓN DOS SEUS CORRESPONDENTES REXISTROS**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

“Primeiro. Aprobar o modelo de documento necesario para a realización da declaración sobre **causas de posible incompatibilidade** e sobre calquera **actividade** que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos **(Anexo I)**, así como o modelo para efectuar a declaración dos seus **bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo**, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades **(Anexo II)**.

Segundo. Aprobar a creación dos correspondentes Rexistros de Actividades e de Bens Patrimoniais.

Terceiro. Comunicar aos representantes locais, o Persoal directivo local e os Funcionarios das Corporacións Locais con habilitación de carácter estatal [que desempeñen nas Entidades locais postos que sexan provistos mediante libre designación en atención ao carácter directivo das súas funcións ou á especial responsabilidade que asuman] que deberán completar e presentar no Rexistro correspondente a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades, segundo modelo normalizado”.

6.-MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PASEOS MARÍTIMOS).

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente do día 23 de abril de 2019 do seguinte tenor literal:

“VISTA a conveniencia de iniciar a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal coa fin de incorporar ó mesmo os Proxectos dos Paseos Marítimos de Castiñeiras e A Cambra-Insuela

VISTO o informe de Secretaría de data 23 de abril de 2019, sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, a través do presente,

DISPOÑO:

Primeiro: Que polo Pleno da Corporación se aprobe o inicio dos trámites correspondentes para a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal-(incorporar ó mesmo os Proxectos dos Paseos Marítimos de Castiñeiras e A Cambra-Insuela)





Segundo:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a proposición do grupo municipal de goberno ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE de data 23 de abril de 2019, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 20 (8 PP, 3 BNG, 3 Ps de G-Psoe, 2 IPR, 1 C’S, 3 N. Ad)

-VOTOS EN CONTRA:0

-ABSTENCIONES:0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos vinte membros presentes dos vinteun que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito, da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE de data 23 de abril de 2019 relativo a **MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PASEOS MARÍTIMOS)**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

Primeiro:-Que polo Pleno da Corporación se aprobe o inicio dos trámites correspondentes para a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal-(incorporar ó mesmo os Proxectos dos Paseos Marítimos de Castiñeiras e A Cambra-Insuela)

Segundo:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo”.

7.-MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PUNTA DO CASTRO).

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente do día 23 de abril de 2019 do seguinte tenor literal:

“VISTA a conveniencia de iniciar a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal-Área de Punta de Castro (Castiñeiras) e as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución, expónse a conveniencia de promover unha modificación puntual do mesmo, no senso de





que a actual clasificación e calificación se modifique para que a mesma sea máis axeitada e acorde co entorno.

VISTO o informe de Secretaría de data 23 de abril de 2019, sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, a través do presente,

DISPOÑO:

Primeiro:-Que polo Pleno da Corporación se aprobe o inicio dos trámites correspondentes para a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal-Área de Punta de Castro (Castiñeiras).

Segundo:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a **proposición do grupo municipal de goberno ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE** de data 23 de abril de 2019, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 20 (8 PP, 3 BNG, 3 Ps de G-Psoe, 2 IPR, 1 C'S, 3 N. Ad)

-VOTOS EN CONTRA:0

-ABSTENCIONES:0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos vinte membros presentes dos vinteun que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito, da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE de data 23 de abril de 2019 relativo a **MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PUNTA DO CASTRO)**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:





Primeiro:-Que polo Pleno da Corporación se aprobe o inicio dos trámites correspondentes para a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal-Área de Punta de Castro (Castiñeiras).

Segundo:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

8.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2019.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía e Patrimonio e Especial de Contas do día 23 de abril de 2019 do seguinte tenor literal:

“Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención de 23 de abril de 2019, esta Alcaldía eleva ao Pleno para a súa consideración e, se procede, aprobación, a seguinte proposta de acordo:

1º.-“Aprobación inicial do crédito extraordinario 1/2019, según o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
933.63202	Acondicionamento da envolvente térmica e reforma do interior do edificio da Casa da xuventude.	325.273,41
933.62203	Adquisición nave industrial para almacen municipal.	289.653,41
933.62204	Adquisición local na planta baixa da urbanización Fontán para “Punto de encontro”.	80.490,71
933.62205	Adquisición dunha parcela no Touro.	67.929,55
011.91303	Amortización préstamo Inversións 2018	906.175,22
INGRESOS	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
	870.00.- Aplicación de remanente para crédito extraordinario	1.669.552,30

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómete a votación ordinaria a **proposición do grupo**





municipal de goberno ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, ECONOMÍA E PATRIMONIO E ESPECIAL DE CONTAS de data 23 de abril de 2019, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 17 (8 PP, 3 BNG, 2 IPR, 1 C'S, 3 N. Ad)

-VOTOS EN CONTRA:0

-ABSTENCIONES: 3 Ps de G-Psoe

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta do seu número legal aprobalo ditame transcrito, da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, ECONOMÍA E PATRIMONIO E ESPECIAL DE CONTAS de data 23 de abril de 2019 relativo a **APROBACIÓN, SE PROCEDE, CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2019**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba

1º.-"Aprobación inicial do crédito extraordinario 1/2019, según o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
933.63202	Acondicionamento da envolvente térmica e reforma do interior do edificio da Casa da xuventude.	325.273,41
933.62203	Adquisición nave industrial para almacen municipal.	289.653,41
933.62204	Adquisición local na planta baixa da urbanización Fontán para "Punto de encontro".	80.490,71
933.62205	Adquisición dunha parcela no Touro.	67.929,55
011.91303	Amortización préstamo Inversións 2018	906.175,22
INGRESOS	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
	870.00.- Aplicación de remanente para crédito extraordinario	1.669.552,30

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello".

9.-CONCESIÓN MEDALLA RIVEIRA.





Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior e Administracións Públicas do día 23 de abril de 2019 do seguinte tenor literal:

“VISTOS os méritos que atesoran a personalidade de **ALEX VIDAL ÁLVAREZ** e **SANTOS OUJO BELLO** e que se detallan no anexo a esta proposta como parte integrante da mesma.

CONSIDERANDO os artigos 186 a 191 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

Por medio da presente propónse á Comisión Informativa de Réxime Interior e Administración Pública que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro: Conceder á **D. ALEX VIDAL ÁLVAREZ** e **SANTOS OUJO BELLO** a medalla de Ouro da Cidade de Riveira polos méritos que ellos acreditan según se describe a continuación.

Segundo: Comunicalo presente acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

ÁLEX VIDAL

Alejandro Vidal Álvarez naceu o 21 de decembro de 1981. Este veciño de Castiñeiras entablou contacto por primeira vez co deporte do taekwondo aos 18 anos de idade como unha forma de facer fronte á polirradioculoneurite que lle fora diagnosticada de neno, deixándolle unha minusvalía do 77%. Aquel foi amor a primeira vista. No 2007 gañou o Primeiro Campionato Galego Promesas medíndose a loitadores sen ningún tipo de discapacidade. Na mesma senda, no 2008 quedou terceiro no Campionato de Galicia Absoluto e subcampión un ano despois, ademais de quedar cuarto no Campionato de España de Clubs.

Precisamente no 2009 comezou a fraguar os éxitos polo que Álex Vidal é internacionalmente coñecido como un colosal exemplo de superación. En xuño dese ano obtivo a medalla no Primeiro Campionato Mundial de Parataekwondo, celebrado en Bakú (Azerbaiyán), metal que repetiu na segunda edición celebrada en Rusia.

Os seus maiores logros deportivos chegaron no 2012, 2013, 2014 e 2017, onde se alzou co ouro nos Campionatos do Mundo en Aruba, Suíza, Moscú e Londres.

Agora, os ollos de Álex Vidal miran cara os Xogos de Tokyo de 2020 onde o taekwondo debutará como deporte paraolímpico e o noso loitador, coma sempre con Juan Luis Martínez como adestrador, está a traballar arreo co reto de deixar no máis alto o nome de Riveira.

SANTOS OUJO

Santos Oujo Bello naceu en Riveira o 20 de xuño de 1943. Tras comezar os seus estudos na academia "El Pilar" con Carlos García Bayón como profesor, cursou o bacharelato no Colexio Peleteiro de Santiago e estudou Enxeñería Superior de Telecomunicacións en Madrid, facendo o posgraduado no ICADE.

No ámbito profesional ocupou postos de alta responsabilidade na Compañía Nacional Telefónica de España e en Servicios de Autopistas y Autovías, S.A. (Serausa).

Foi o primeiro enxeñeiro de Telecomunicacións en obter unha acta no Parlamento de Galicia, participando nas catro primeiras lexislaturas: por UCD (1981-1985), por Coalición Galega, partido do que foi fundador (1985-1993) e polo PSdeG-PSOE (1993-1996).

Entre 1987 e 1990 foi Conselleiro de Industria, Comercio e Turismo no tripartito presidido por Fernando González Laxe, sendo a





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

primeira persoa veciña de Riveira en alcanzar o rango de Conselleiro na Xunta de Galicia e a única ata o nomeamento do nomeamento en 2018 de Fabiola García Martínez como Conselleira de Política Social.

Actualmente, Santos Oujo preside o Ateneo Valle-Inclán de Riveira.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a **proposición do grupo municipal de goberno ditaminada pola COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA** de data 23 de abril de 2019, co seguinte resultado:

FAVOR: 20 (8 PP, 3 BNG, 3 Ps de G-Psoe, 2 IPR, 1 C'S, 3 N. Ad)

-VOTOS EN CONTRA:0

-ABSTENCIONES:0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinte membros presentes dos vinteun que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito, da COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA de data 23 de abril de 2019 relativo a **CONCESIÓN MEDALLA RIVEIRA**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

Primeiro:-Conceder á **D. ALEX VIDAL ÁLVAREZ** e **SANTOS OUJO BELLO** a medalla de Ouro da Cidade de Riveira polos méritos que ellos acreditan según se describe a continuación.

Segundo:-Comunicalo presente acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro:-Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

10.-PROPOSICIÓN GRUPO M PS DE G-PSOE PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ , INTERESANDO MELLORAS NA PARROQUIA DE PALMEIRA.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente do día 23 de abril de





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

2019 do seguinte tenor literal, segundo o escrito do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez de data 01 de abril de 2019 (rex entr. 03-04-2019, nº 4.712):

“José Manuel Vilas Álvarez, Concelleiro-portavoz do Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, con NIF: 76515570K presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, ao abeiro do disposto no artigo 116.1.c) do Regulamento Orgánico Municipal, a seguinte PROPOSICIÓN,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ante os requirimentos e demandas reiteradas polos veciños de Palmeira, sobre as dificultades de circulación na vía pública rúa Lorenzo Mene Trabadell, na conexión coa AC-305, especialmente nas horas de entrada e saída do Colexio CEIP de Palmeira; acudimos ao lugar para valorar unha posible vía alternativa, co fin de evitar aglomeracións e posibles incidentes no entorno de dito Centro Escolar.

Unha vez no entorno do CEIP de Palmeira, encontramos unha posible solución ao problema, no Camiño Público de Xestido que comunica o lugar da Lomba coa zona de Lombas, no entorno do lugar de Sampetro:

1.- A vía pública Camiño de Xestido, ten unha lonxitude total duns 730 metros, dos que están pavimentados uns 350 metros, cun tramo de 60 metros na rúa de Moldes, e 290 metros na zona das Lombas.

O camiño preséntase ben delimitado con moxóns de gran tamaño as beiras do Camiño vecinal 9020 do polígono 36.

2.- Os restantes 380 metros lineais do camiño público son transitados por tractores, e en parte intransitables pola cantidade de maleza, silvas, figueiras e loureiros que creceron na vía pública.

3.- Na entrada dende a rúa de Moldes, o camiño está bloqueado mediante unha valla metálica de obra.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:

1.- Que se proceda a limpeza do camiño público, mediante desbroce das especies vexetais, así como a inmediata retirada da valla de obra que bloquea a entrada ao camiño veciñal dende a rúa de Moldes.

2.- Que se proceda a redactar un proxecto de pavimentación do camiño veciñal 9020, contemplando a necesaria ampliación do vial actual.





3.- Que se fagan as xestións cos veciños titulares das fincas anexas ao camiño, facéndolle ver o beneficio da obra, e de cara a facer a cesión de terreos a uso e dominio público. Ribeira, 01 de abril do 2019. Asdo. José Manuel Vilas Álvarez”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a **proposición do grupo municipal do Ps de G-Psoe, cunha nova redacción previamente consensuada entre todos os grupos municipais**, co seguinte resultado:

FAVOR: 20 (8 PP, 3 BNG, 3 Ps de G-Psoe, 2 IPR, 1 C’S, 3 N. Ad)

-VOTOS EN CONTRA:0

-ABSTENCIONES:0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos vinte membros presentes dos vinteun que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito, da **COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE** de data 23 de abril de 2019 relativo a **CONCESIÓN MEDALLA RIBEIRA, na nova redacción consensuada entre todos os grupos municipais**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

“1.- Que se proceda a limpeza do camiño público, mediante desbroce das especies vexetais, así como a inmediata retirada da valla de obra que bloquea a entrada ao camiño veciñal dende a rúa de Moldes.

2.- Que se fagan as xestións cos veciños titulares das fincas anexas ao camiño, facéndolle ver o beneficio da obra, e de cara a facer a cesión de terreos a uso e dominio público.

3.- Se o resultado das xestións cos veciños é satisfactoria, que se proceda a redactar un proxecto de pavimentación do camiño veciñal 9020, contemplando a necesaria ampliación do vial actual.”

11.-PROPOSICIÓN GRUPO M PS DE G-PSOE PRESENTADA POR MANUEL ANTONIO GARCÍA PÉREZ EN RELACIÓN Á ANTIGA TUBERÍA DE DESAGÜE DA PRAIA DO PRADO-CORRUBEDO.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente do día 23 de abril de 2019 do seguinte tenor literal, segundo o escrito do concelleiro Manuel Antonio García Pérez de data 10 de abril de 2019 (rex entr. 10-04-2019, nº 5.099):

“Manuel A. García Pérez, Concelleiro do Grupo Municipal Socialista, con DNI: 76484245E, presenta ao Pleno da Corporación Municipal, ao abeiro do disposto no artigo 116.1.c) do Regulamento Orgánico Municipal de Ribeira, a seguinte,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai mais de 4 anos, poñíase en marcha a nova depuradora de augas residuais de Corrubedo, na que o Goberno invirteu 5,9 millóns de euros.

A planta constrúese en Punta Paxariñas, e ten unha capacidade para unha poboación de 7.326 habitantes equivalentes. Foron necesarios oito bombeos para impulsalas augas fecais ata a EDAR; situados en Ribeira do Prado, Casa do Mar, Concheiro Alto, A Agra, Sirves, Artes, Oleiros e Escola de Oleiros.

En total instaláronse 5.867 metros de impulsores, 10.965 metros de colectores, e un emisario submarino de 223 metros.

Ata aquí todo correcto, con esta obra quedarían solventados os problemas de saneamento dos veciños de Corrubedo, Artes, Olveira, e Oleiros.

Sin embargo, na Praia do Prado, cando a marea está na baixa, e para asombro dos residentes e visitantes, sigue visulizándose a antiga tubería de desague das vivendas do Cantón, que afeá a bonita abra do lugar.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista, insta ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte,

ACORDO:





Único.- Que por parte de quen corresponda, se tomen as medidas oportunas para eliminar a antiga tubería de desague da Praia do Prado, para mellorar as condicións de vida e traballo dos veciños do lugar.

Ribeira, 10 de abril do 2019. Asdo. Manuel A. García Pérez.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, [polo grupo municipal do PP preséntase a seguinte emenda:](#)

“D. Antonio Freire Brión, edil do Grupo Municipal Popular de Riveira, presenta a seguinte emenda con motivo do

Punto 11. Proposición do Grupo Ps de G-Psoe presentada por Manuel Antonio García Pérez en relación á antiga tubería de desagüe da Praia do Prado-Corrubedo.

Emenda de substitución:

ÚNICO:-Que unha vez rematen as obras de saneamento xa adxudicadas para as rúas Rocapellón, Prado e Campo da Agra se proceda á retirada da tubaxe do desagüe da Praia do Prado para mellorar as condicións de vida e traballo dos veciños do lugar.”

Rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a [proposición do grupo municipal do Ps de G-Psoe ,unha vez incorporada a emenda transcrita do grupo municipal do PP, que é aceptada por unanimidade,](#) co seguinte resultado:

FAVOR: 20 (8 PP, 3 BNG, 3 Ps de G-Psoe, 2 IPR, 1 C’S, 3 N. Ad)

-VOTOS EN CONTRA:0

-ABSTENCIÓNS:0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por dos vinteún que de dereito o integran aprobalo ditame transcrito, da **COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, BENESTAR SOCIAL E MEDIO AMBIENTE** de data 23 de abril de 2019 relativo a **CONCESIÓN MEDALLA RIVEIRA, unha vez incorporada a emenda**





transcrita do grupo municipal do PP quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

“ÚNICO:-Que unha vez rematen as obras de saneamento xa adxudicadas para as rúas Rocapellón, Prado e Campo da Agra se proceda á retirada da tubaxe do desagüe da Praia do Prado para mellorar as condicións de vida e traballo dos vecinos do lugar.”

PARTE II:-Control órganos de goberno:

12.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun Informe de Intervención do seguinte tenor literal:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Resolucions de Alcaldía contrarias aos reparos efectuados pola Intervención no ano 2018.

O artigo 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, modificado pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local establece o seguinte:

“1. El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.”

Por outra banda, o artigo 15 de Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime de control interno nas entidades do sector público local, establece no seu punto 6 que:

“6. Con ocasión de la dación de cuenta de la liquidación del Presupuesto, el órgano interventor elevará al Pleno el informe anual de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, o, en su caso, a la opinión del órgano competente de la Administración que ostente la tutela al que se haya solicitado informe, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.”

E no artigo 28.2 establece que nesta relación tamén se incluírán os informes emitidos pola intervención que poñan de manifesto a omisión da función interventora.

De acordo con estes artigos, esta Intervención manifesta que durante o exercicio 2018 as resolucions de Alcaldía contrarias aos reparos efectuados foron as seguintes:

EXPEDIENTE REPARADO	MOTIVO DO REPARO	DATA DO INFORME
Monitores de deportes (xaneiro a agosto)	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	29/01/2018





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

		16/02/2018 14/03/2018 24/04/2018 14/05/2018 18/06/2018 17/07/2018 14/08/2018
Pago gratificacións	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	23/03/2018 25/06/2018 25/09/2018 28/12/2018
Relación de facturas 12/2018	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	20/03/2018
Relación de facturas 27/2018	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	06/07/2018
Relación de facturas 42/2018	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	28/09/2018
Relación de facturas 58/2018	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	13/12/2018
Relación de facturas 65/2018	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	28/12/2018
Servizo de grúa	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	16/02/2018
Colaboración campamento de verán	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	21/03/2018
Actividades colaboración feira de comercio	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	31/01/2018
Organización viaxe maiores	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	03/04/2018

Os informes emitidos por omisión da función interventora, convalidada por resolucións de Alcaldía foron os seguintes:

EXPEDIENTE INFORMADO	DEFECTOS OBSERVADOS	DATA DO INFORME
Monitores de deportes (setembro a decembro)	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	04/09/2018 07/11/2018 10/12/2018
Relación de facturas 43/2018	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	02/10/2018
Relación de facturas 56/2018	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	11/12/2018
Relación de facturas 64/2018	Omisión de requisitos e trámites esenciais.	28/12/2018

Riveira, á data da sinatura dixital.





O INTERVENTOR *Pablo Bao Castro*

O Pleno da Corporación queda enterado.

**13.-DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA ATA O DÍA 23 DE ABRIL DE 2019
(ART. 42 DO ROF).**

De acordo co disposto no **artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira, o Sr. alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a derradeira sesión Plenaria Ordinaria.**

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

14.-DAR CONTA LIQUIDACIÓN EXERCIZO ORZAMENTARIO 2018 E INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE CUMPRIMENTO DE ESTABILIDADE.

Dase conta ao Pleno da Corporación dos seguintes informes de Intervención.

14.1.

-INFORME DE INTERVENCIÓN Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE RIVEIRA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018

=====

Pablo Bao Castro, Interventor do Concello de Riveira, en cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, en relación co asunto arriba referenciado, emite o seguinte,

INFORME:

1.- LEXISLACION APLICABLE.

- Artigos 191 a 193 do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.
- Regras 76 a 86 da Instrucción de contabilidade para a administración local, modelo normal, aprobada por orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro.
- Bases de Execución do Orzamento.

2.- CONFECCIÓN E APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 191 do TRLRFL, a liquidación dos orzamentos debe confeccionarse referíndose aos dereitos recadados e ás obrigas pagadas a 31 de decembro do ano natural dese exercicio económico. Os dereitos liquidados pendentes de cobro e as obrigas recoñecidas pendentes de pago a data 31 de decembro quedarán a cargo da tesourería, aparecendo recollidos no denominado remanente de tesourería ao que se fará mención posteriormente.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

A aprobación da liquidación dos orzamentos é competencia do Presidente, previo informe de intervención (artigo 192.2 TRLRFL), do que se dará conta, unha vez aprobada a liquidación, ao Pleno do Concello (artigo 90.2 do RD 500/1990), na primeira sesión que celebre tras a súa aprobación. Deberase remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2018 e do seu expediente de aprobación, tanto á Comunidade Autónoma como ao centro ou Dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine (artigo 91 do RD 500/90).

3.- CONTIDO DA LIQUIDACIÓN.-

O Estado da Liquidación figura dentro do conxunto de contas e estados que conforman a Conta Xeral e que se deben formar ao rematar cada exercicio económico. A Liquidación non é tanto unha forma de rendición de contas senón máis ben unha representación cifrada do resultado da xestión económica, limitada ao estrictamente orzamentario e a un exercicio económico determinado. Na medida que forma parte da Conta Xeral, a aprobación desta, non substitúe á da propia Liquidación do Orzamento.

Segundo a Instrucción de contabilidade para a administración local, co detalle que nela se indica, o Estado da Liquidación do Orzamento estrutúrase en 3 partes:

- Primeira: Liquidación do orzamento de gastos.
- Segunda: Liquidación do orzamento de ingresos.
- Terceira: Resultado orzamentario.

De acordo co disposto no artigo 93 do RD 500/90, a Liquidación deberá por de manifesto:

- Orzamento de Gastos: (para cada partida): Créditos iniciais, modificacións e créditos definitivos, gastos autorizados e comprometidos, obrigas recoñecidas, pagos ordeados e os pagos realizados.
- Orzamento de Ingresos: (para cada concepto): Previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas, dereitos recoñecidos e anulados, e dereitos recadados.
- Determinación dos dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro de 2018.
- Determinación do resultado orzamentario do exercicio 2018.
- Determinación dos remanentes de crédito.
- Determinación do remanente de tesourería.

De conformidade co recollido nos documentos contables e orzamentarios unidos ao presente expediente, a **Liquidación do Orzamento de Gastos** do exercicio de 2018 ofrece o seguinte resumo:

CONCELLO	
LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	
Créditos orzamentarios iniciais	22.874.568,55
Modificacións orzamentarias	15.698.920,54
Créditos orzamentarios definitivos	38.573.489,09
Obrigas recoñecidas netas (netas)	22.910.189,27
Obrigas ptes a 31-12	671.599,43

Á vista dos datos deste cadro, observamos que se executou (entendendo gasto executado como aquel que teña chegado a lo menos á fase de obriga recoñecida) o 59,39% dos créditos definitivos do orzamento do exercicio 2018.

O resumo do **Liquidación do Orzamento de Ingresos** do 2018 ten o seguinte detalle:

CONCELLO	
LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	
Previsións iniciais	22.874.568,55
Modificacións	15.698.920,54
Previsións definitivas	38.573.489,09
Dereitos recoñecidos netos	24.368.545,88
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro	1.891.660,60





**CONCELLO
DE
RIVEIRA**
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Da análise da execución de ingresos despréndese que se liquidou o 63,17% das previsións definitivas do orzamento.

Para unha análise mais detallada da execución orzamentaria, pódese analizar o grado de execución tanto do orzamento de ingresos como do de gastos, tendo en conta a clasificación económica:

CONCELLO							
GASTOS ORZAMENTARIOS	C.D.	O.R.N	%	INGRESOS ORZAMENTARIOS	P.D.	D.R.N	%
1. Gastos de persoal	6.808.791,60	6.128.672,17	90,01	1. Impostos directos	6.321.188,91	6.765.682,60	107,03
2. Gastos en bens correntes e servizos	10.543.386,37	9.615.590,44	91,20	2. Impostos indirectos	200.000,00	-64.567,96	-32,30
3. Gastos financeiros	98.887,87	73.853,52	74,68	3. Taxas e outros ingresos	5.374.250,47	5.516.205,79	102,64
4. Transfer. Correntes	954.234,50	560.054,90	58,69	4. Transf. correntes	7.842.440,02	8.087.578,72	103,13
6. Inversións reais	16.858.144,99	3.263.598,79	19,36	5. Ingresos patrimoniais	57.199,58	58.011,48	101,42
7. Transfer. de capital	0,00	0,00	0,00	6. Enaxen.inversións reais	0,00	0,00	0,00
8. Activos financeiros	30.000,00	17.974,96	59,92	7. Transf. de capital	8.722.615,61	1.722.580,97	19,75
9. Pasivos financeiros	3.280.043,76	3.250.444,49	99,10	8. Activos financeiros	5.917.753,45	17.974,96	0,30
				9. Pasivos financeiros	4.138.041,05	2.265.109,32	54,74
TOTAL	38.573.489,09	22.910.189,27	59,39	TOTAL	38.573.489,09	24.368.545,88	63,17

Nota: A porcentaxe indica o grao de execución de cada un dos capítulos da clasificación económica, sobre os créditos definitivos, no caso do estado de gastos, e sobre as previsións definitivas, para o caso do estado de ingresos.

Á vista do cadro anterior cabe concluir:

- O orzamento de gastos, nos seus capítulos I, II e IX, executouse cáseque na súa totalidade. O capítulo de gastos financeiros executouse nun 74% e os de transferencias correntes e activos financeiros tiveron unha execución próxima ao 60. O grado de execución máis baixo presentouno o capítulo VI, apenas un 19,36%.
- No caso do estado de ingresos, nos capítulos I a V o grao de execución supera as previsións definitivas, coa excepción do capítulo II que presenta unha execución negativa debido a devolucións de ingresos. O capítulo VII non alcanza o 20%. No caso do capítulo VIII de ingresos, a porcentaxe de execución case inexistente que se recolle no mesmo, é consecuencia de que dentro das previsións definitivas deste capítulo inclúense as modificacións do orzamento de ingresos que son consecuencia da utilización do remanente de tesourería, concepto éste que como xa é sabido, non dá lugar a ningún recoñecemento de dereitos.

O **Resultado Orzamentario** (en adiante RP) regúlase nos artigos 96 a 97 do RD 500/90, de 20 de abril e nas regras 78, 79 e 80 da ICAI. Cuantitativamente ven determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio e as obrigas recoñecidas durante o mesmo período (valores netos). Representa unha magnitude de relación global dos gastos e os ingresos, de xeito que poderemos analizar en qué medida éstos se traduciron en recursos para financiar a actividade municipal, referida a un exercicio económico concreto (o 2018).

Ó RP haberá que realizarlle os axustes ós que se refire o artigo 97 do RD 500/90:

1. Créditos gastados correspondentes a modificacións orzamentarias financiadas con Remanente de Tesourería.

No exercicio 2018 recoñecéronse obrigas financiadas con Remanente de Tesourería, por un importe de 2.574.391,76 euros.

2. As desviacións derivadas dos gastos con financiamento afectado:

Neste exercicio aparecen desviacións negativas de financiación imputables ao exercicio por un valor de 1.509.788,74 euros, e desviacións positivas imputables ao exercicio por valor de 3.041.781,04 euros.

Así as cousas, o RP do **exercicio 2018** presenta o seguinte desglose:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

CONCELLO

RESULTADO ORZAMENTARIO		
1	Dereitos recoñecidos (+)	24.368.545,88
2	Obrigas recoñecidas (-)	22.910.189,27
3	Resultado orzamentario (1-2)	1.458.356,61
4	Desviacións positivas de financiación (-)	3.041.781,04
5	Desviacións negativas de financiación (+)	1.509.788,74
6	Gastos financiados con Remanente líquido de Tesourería	2.574.391,76
7	Resultado de operacións comerciais	-
8	Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6+7)	2.500.756,07

A cifra que arroxa o RP do Concello no exercicio de 2018 antes de axustes é positiva en 1.458.356,61 € xa que os dereitos liquidados foron superiores ás obrigas liquidadas no exercicio. O Resultado experimenta un incremento de 1.042.399,46 euros unha vez practicados os axustes esixidos pola Norma, quedando en 2.500.756,07 euros.

O feito de que o resultado orzamentario teña carácter positivo supón que os dereitos recoñecidos no exercicio foron suficientes para financiar os gastos realizados no mesmo.

4.- CÁLCULO DO REMANENTE DE TESOURERÍA.

Como consecuencia da liquidación do Orzamento é necesario calcular esta magnitude fundamental que se atopa regulada no artigo 191 do TRLRFL, no artigo 101 do RD 500/90, de 20 de abril e demais disposicións concordantes.

O RT total representa unha magnitude de carácter financeiro que cuantifica o excedente ou o déficit de financiación a corto prazo a data 31 de decembro.

Neste Remanente de Tesourería Total deberán distinguirse dúas partes:

• **O Remanente de Tesourería destinado ao financiamento de incorporación de remanentes de crédito correspondentes a gastos con financiación afectada (Exceso de financiación afectada).**- Está constituído pola suma das desviacións de financiación positivas que, en ditos gastos, e para cada unha das aplicacións do Orzamento de Ingresos que os financian, se produzan dende o inicio do gasto ata o fin do exercicio que se liquida, é dicir, a desviación acumulada positiva para cada axente financiador dentro do proxecto.

■ **Remanente de Tesourería para gastos xerais (RTGX).**- Obtense por diferenza entre o RT total e o RT para GFA. Este superávit, poderase destinar a completar, no seu caso, a financiación da incorporación de remanentes de crédito correspondentes a GFA e o exceso, devén un recurso para a financiación de modificacións de crédito futuras.

Os valores obtidos co cálculo do RT son os seguintes:

CONCELLO

REMANENTE DE TESOURERÍA		
1	Debedores pendentes de cobro (+)	12.905.959,71
2	Acreedores pendentes de pago (-)	3.479.135,72
3	Partidas pendentes de aplicación (-)	2.352.384,04
4	Fondos líquidos a fin de exercicio (+)	11.724.890,43
5	Remanente de Tesourería (1-2+3)	18.799.330,38
6	Saldo de dudoso cobro	9.596.760,22
7	Exceso de financiación afectada	2.307.673,30
8	Remanente de Tesourería para gastos xerais	6.894.896,86

5.- O DUDOSO COBRO NOS DEUDORES PENDENTES DE COBRO.

O Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece no seu artigo 191 que "La cuantificación del remanente de tesorería deberá realizarse teniendo en cuenta los posibles ingresos afectados y minorando de acuerdo con lo que reglamentariamente se establezca los derechos pendientes de cobro que se consideren de difícil o imposible recaudación".





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

De acordo con isto, é necesario recordar o previsto na Base 43 das de Execución do Orzamento:

Base 43ª.- Liquidación do orzamento.

...aplicar as seguinte porcentaxes:

- a) 100% dos dereitos pendentes de cobro de antigüidade igual ou superior a 4 anos.
- b) 90% dos dereitos pendentes de cobro de antigüidade igual a 3 anos.
- c) 70% dos dereitos pendentes de cobro de antigüidade igual a 2 anos.
- d) 35% dos dereitos pendentes de cobro de antigüidade igual a 1 ano.
- e) 10% dos dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro do exercicio que se liquida.

A aplicación destes criterios sobre o pendente de cobro, implica unha minoración dos mesmos de 9.596.760,22 euros.

6.- AFORRO NETO E NIVEL DE ENDEBEDAMENTO.

O artigo 53.1 do TRLRHL establece os dous ratios para analizar o endebedamento local:

- O aforro neto.
- O nivel que representa o endebedamento sobre os recursos correntes liquidados.

Cando estas magnitudes sexan contrarios ó disposto neste artigo, a aprobación da operación requirirá autorización do órgano da Xunta de Galicia competente en materia de tutela financeira previa aprobación, no seu caso, dun Plan de Saneamento.

Debe advertirse que o TRLRHL prevé o seu cálculo con datos da liquidación do exercicio anterior, ou de dous exercicios anteriores no caso de operacións concertadas no primeiro semestre do exercicio e sempre que non se conte todavía con liquidación aprobada.

Así, o Aforro Neto, e o Nivel de Endebedamento calculados cos datos da liquidación do exercicio 2018 son os seguintes:

AFORRO MUNICIPAL		
(+)	RECURSOS CORRENTES LIQUIDADOS 2018 (CAPÍTULOS I, II, III, IV e V).	20.362.880,63
(-)	OBRIGAS RECOÑECIDAS 2018 (CAPÍTULO I, II, e IV, excepto as financiadas con RTGX=223.559,01).	16.080.758,50
	AFORRO BRUTO	4.282.122,13
(-)	ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN E INTERESES DO CAPITAL VIVO	1.301.264,14
	AFORRO NETO	2.980.857,99

Do anterior dedúcese que o aforro bruto é positivo na cifra de 4.282.122,13 euros. Ao aforro bruto restámoslle a anualidade teórica de amortización e xuros do capital vivo por importe de 1.301.264,14 euros, obtendo un aforro neto de 2.980.857,99 euros.

3. Porcentaxe de endebedamento (non debe ser superior ao 110 por cen)





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Utilizando os datos da liquidación do ano 2018, esta ratio ofrece o seguinte detalle:

PORCENTAXE DE ENDEBEDAMENTO	
CV	7.427.134,21 euros
ILC	20.362.880,63 euros
EL = (CV / ILC)*100	36,47%

EL: Endebedamento Local

CV: Volume total de Capital vivo das operacións vixentes a corto e longo prazo, a 01/01/2019.

ILC: Ingresos correntes liquidados polos capítulos un a cinco do orzamento do exercicio 2018.

As magnitudes antes calculadas (aforro neto e porcentaxe que representa o endebedamento respecto aos recursos por operacións correntes) non fan necesaria a autorización do órgano de tutela da Xunta de Galicia para a concertación das operacións de crédito ás que se refire o art. 53 do TRRL, no caso de que así se previra.

7.- CONCLUSIÓN.-

GASTOS PENDENTES DE IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA.

Sen prexuízo dos datos favorables arroxados pola presente liquidación, refléxase a existencia de FACTURAS PENDENTES DE IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA, que se corresponden con gastos realizados sen trámite previo algún ou sen contar coa oportuna cobertura orzamentaria. Trátase de débedas que existen realmente e que o Concello deberá pagar aos correspondentes provedores, sempre que exista conformidade coa prestación dos servizos. En consecuencia, indicar que sobre este importe total de facturas pendentes, haberá que levar a cabo a oportuna comprobación a fin de depurar as que realmente se corresponden con obrigas esixibles ao Concello. Polo tanto, trátase dun dato que debe tomarse con moita prudencia. Estas facturas alcanzan a 31 de decembro de 2018 un importe de 54.870,85 euros.

O trámite previsto para a aprobación destas facturas é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Estas facturas pendentes de imputación orzamentaria están a distorsionar o Remanente de Tesourería, xa que se foran debidamente imputadas implicarían unha redución do mesmo, polo incremento do importe das débedas pendentes de pago.

Este informe preceptivo da Liquidación do Orzamento do exercicio 2018 do Concello, faise referido só aos datos da Liquidación, emitíndose favorablemente en canto á súa confección, sen prexuízo das valoracións recollidas no presente Informe, e da análise máis detallada que se faga da mesma con ocasión da rendición da Conta Xeral.

En Riveira, á data da sinatura dixital.

O INTERVENTOR

Asdo.-Pablo Bao Castro.

14.2.

INTERVENCION E TESOURERIA

Acta Pleno Ordinario 29 de abril de 2019

Página 32



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300058AE600P1L0I7R3J5I6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/06/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONES - 04/06/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/06/2019 15:24:28

DOCUMENTO: 20190363238
Fecha: 04/06/2019
Hora: 15:24





ASUNTO: INFORME

EXPT: Cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

1- MARCO NORMATIVO.

Nas seguintes disposicións se reflicten as principais normas de aplicación ao asunto informado:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Orden EHA 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (IMNCL).
- Guía para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, para cumprir o artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

2.- ANTECEDENTES.

Dando debido cumprimento do previsto no marco normativo antes citado, este informe aborda as seguintes cuestións:

- **PRIMEIRO.-** Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos no artigo 216.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para o pago das obrigacións de cada Entidade local.

3.- INFORME.

INFORMACIÓN RELATIVA AO CUMPLIMENTO DE PLAZOS NA EXECUCIÓN DE PAGOS.

Primeiro.- De acordo co previsto no artigo 4.3. da Lei 15/2010 os Tesoureiros o, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesa Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluíra necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se está a incumplir o prazo.

Segundo.- Debe advertirse que de conformidade co artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sendo este prazo de trinta días dende o 1 de xaneiro de 2013. Faise constar que, a aprobación do "RD 4/2013 de 22 defebrero, de medidas de apoio al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo" modificou, entre outros, a redacción do artigo 4 da "Ley 3/2004, de 29 de diciembre por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales y la redacción de los artículos 216.4 y 222.4 del TRLCSP, aprobado por RD 3/2011, de 14 de noviembre".

Ben, a nova regulación supón na práctica, que no procedemento de pago do prezo do contrato nos encontraremos con dúas fases separadas, que son:

- a) Verificación-aceptación e aprobación da certificación ou do documento que acredite a conformidade (fase de recoñecemento da obriga), 30 días de prazo máximo.
- b) Pago material do prezo aprobado con anterioridade (fase do pago material), 30 días de prazo máximo.

Polo tanto, a entrega do ben ou prestación do servizo determina o día a quo para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade (factura), que no caso dos contratos de obra será ca expedición da certificación pola Entidade Local, e no caso do resto dos contratos será coa presentación no Rexistro administrativo do documento acreditativo de conformidade (factura) da prestación do servizo, realizada polo provedor.

Terceiro.- Baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentes de pago na contabilidade municipal á data de 31/03/2019 (incluíndose o día de remate do trimestre), procede a reflectirse os datos solicitados polo Ministerio de Economía e Facenda segundo o documento adxunto.

- Pagos realizados no trimestre.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- Xuros de demoras pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre.

Ditos documentos, normalizados, son obtidos a partir da aplicación informática que dispón este Concello, e conteñen a información que será remitida por vía telemática tanto á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, como ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Locais), en cumprimento dos deberes legais establecidos a este respecto (xúntanse como anexos ao presente)

Publicidade desta información.

En virtude da disposición adicional primeira da Lei 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, publícase na web www.riveira.com o período medio de pago a provedores.

Riveira, á data da sinatura dixital.

O Interventor A Tesoureira

Pablo Bao Castro

María Teresa Cid Poza

14.3.

INTERVENCIÓN

ASUNTO: INFORME SOBRE A ESTABILIDADE, CUMPRIMENTO DA REGLA DE GASTO E LÍMITE DE DÉBEDA VIVA CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2018.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réximen Local.
- RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Real Decreto 1463/2007, polo que se adapta a Lei de estabilidade orzamentaria ás entidades locais.

ANTECEDENTES DE FEITO

Sómétese a informe desta Intervención a liquidación do orzamento do Concello de Riveira de 2018, ao obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

ESTABILIDADE

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Entidades Locais someterase ao principio de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, de conformidade ao previsto nos artigos 3, 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria.

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Acta Pleno Ordinario 29 de abril de 2019

Página 34



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300058AE600P1L0I7R3J5I6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/06/2019
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONES - 04/06/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/06/2019 15:24:28

DOCUMENTO: 20190363238

Fecha: 04/06/2019

Hora: 15:24





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

O principio de estabilidade orzamentaria supón, basicamente, que o orzamento non só debe estar equilibrado no seu conxunto, senón que o equilibrio debe existir tamén se consideramos unicamente os sete primeiros capítulos de gasto e ingreso.

En referencia ó endebedamento, isto implica que dentro dun exercicio determinado, non é posible apelar ó crédito nunha contía superior á amortización dese mesmo ano.

Por tanto, hai que comparar en termos agregados a suma das obrigas recoñecidas netas dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos e a suma dos dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos practicando os axustes a aplicar ao saldo resultante dos ingresos e gastos non financeiros do Orzamento para relacionalo coa capacidade ou necesidade de financiación calculada conforme ao SEC.

Orzamento de Ingresos	EUROS
I.-IMPUESTOS DIRECTOS	6.765.682,60
II.-MPUESTOS INDIRECTOS	-64.597,96
III.-TAXAS E OUTROS INGRESOS	5.516.205,79
IV.-TRANSFERENCIAS CORRIENTES	8.087.578,72
V.-INGRESOS PATRIMONIAIS	58.011,48
VI.-ENAXENACION DE INVERSIONS REAIS	-
VII.-TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.722.580,97
Total	22.085.461,60

Orzamento de Gastos	EUROS
I. GASTOS DE PERSOAL	6.128.672,17
II. GASTOS CORRENTES	9.615.590,44
III. INTERESES	73.853,52
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	560.054,90
VI. INVERSIONS REAIS	3.263.598,79
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	-
Total	19.641.769,82





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

SUMA CAPÍTULOS 1 A 7 DE INGRESOS	22.085.461,60
SUMA CAPÍTULOS 1 a 7 DE GASTOS	19.641.769,82
SUPERAVIT ANTES DE AXUSTES	2.443.691,78

AXUSTES SEC.

- **Axustes en gastos.**

1. Gastos pendientes de aplicar a orzamento.

O SEC establece a imputación de calquera gasto efectivamente realizado con independencia do momento en que se decida a súa imputación orzamentaria. O axuste neste caso sería dado pola diferenza entre o saldo inicial e o saldo final da conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento", de tal maneira que se o saldo final é maior, o axuste sería maior gasto, e se o saldo final é menor o axuste sería menor gasto.

Saldo inicial conta 413	105.643,34
Saldo final conta 413	54.870,85
AXUSTE	-50.772,49

2. Devengo de xuros.

Según o SEC, o criterio de imputación dos xuros sería o devengo dos mesmos. En todos os préstamos vixentes do Concello de Riveira o pago dos xuros realízase no último día de cada trimestre, polo que non procede a aplicación deste axuste.

- **Axustes en ingresos.**

1. Axuste de recadación capítulos 1 a 3.

Según o SEC, aplícase o criterio de caixa, polo que hai que realizar un axuste negativo polo importe dos dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1 a 3 que non foron recadados, así como un axuste positivo polo importe dos dereitos recoñecidos de exercicios pechados que se recadaron no 2018.

CAPITULO	DRN	DR corrente	DR pechados	Axuste
I	6.765.682,6	5.824.426,15	289.887,99	-651.368,46
II	-64.597,96	-68.109,86	1.102,09	-2.409,81
III	5.516.205,79	5.094.783,64	126.234,97	-295.187,18





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

TOTAL	12.217.290,43	10.851.099,93	417.225,05	-948.965,45
--------------	---------------	---------------	------------	-------------

2. Devolución da liquidación da PIE de 2008 e 2009.

Efectuarase un axuste positivo polas cantidades reintegradas ao Estado en 2018 con motivo da devolución da liquidación da PIE de 2008 e 2009.

Devolución liquidación PIE 2008 en 2017	48.616,32
Devolución liquidación PIE 2009 en 2017	75.407,16
TOTAL	124.023,48

- Resumo dos axustes.

AXUSTES	IMPORTE
Axuste 413	+50.772,49
Axuste recadación	-948.965,45
Liquidación PTE	+124.023,48
TOTAL	-774.169,48

CAPS. 1 A 7 DE INGRESOS – CAPS. 1 A 7 DE GASTOS	2.443.691,78
AXUSTES	-774.169,48
SALDO FINANCEIRO	1.669.522,30

Temos por tanto, un superávit de 1.669.522,30 euros. O artigo 32 da LOESPF establece que no suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fora inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. O destino deste superávit orzamentario concrétese na Disposición Adicional Sexta da LOESPF, que foi aprobada para 2014 e posteriormente prorrogada a 2015, 2016, 2017 e 2018 polas sucesivas Leis de Orzamentos do Estado e permitía a súa utilización para saldar a conta 413 de acredores pendentes de aplicar a orzamento e para a realización de inversións financeiramente sostibles. Para o ano 2019 esta medida aínda non foi prorrogada.

Neste sentido, o artigo 28.f) da Lei 19/2013, de nove de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno cualifica como infracción grave, cando sexa culpable, o incumprimento da obriga de destino do superávit orzamentario á redución do nivel de endebedamento neto nos termos previstos no artigo 32 e na Disposición Adicional Sexta da LOESPF.

REGRA DE GASTO

O artigo 12 da LOEPSF establece que a variación de gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB de media prazo da economía española.

Entenderase por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do SEC, excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas.

O cálculo da regra de gasto parte da guía aprobada para tal fin pola IGAE, que establece que a base do mesmo será a liquidación





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

de 2017. O informe elaborado pola Intervención do Concello de Riveira co obxecto da liquidación do orzamento do ano 2017 establecía un gasto computable de 15.993.319,08 euros, que incrementado na taxa de referencia nominal para o 2018 do 2,4%, deixaría un límite de gasto computable para o 2018 de 16.377.158,74 euros. Polo tanto, procede verificar que o gasto computable que se deriva da liquidación orzamentaria de 2018 está dentro do límite mencionado anteriormente.

	CALCULO DA REGLA DE GASTO (art. 12 Lei Organica 2/2012)	Liquidación 2018
+	Cap.1 Gastos de persoal	6.128.672,17
+	Cap.2 Compra de bens e servizos	9.615.590,44
+	Cap.3 Gastos financeiros	73.853,52
+	Cap.4 Transferencias correntes	560.054,90
+	Cap.6 Inversions	3.263.598,79
+	Cap.7 Transferencias de capital	0,00
=	A) EMPLEOS NON FINANCEIROS	19.641.769,82
+ / -	Axustes SEC 95 que inciden en gastos (*)	-50.772,49
=	B) EMPLEOS NON FINANCEIROS AXUSTADOS	19.590.997,33
-	Intereses da débeda	73.853,52
-	Gastos financiados con fondos finalistas UE / AAPP (**)	2.976.668,61
-	Inversións financeiramente sostibles financiadas con RTGX (***)	381.708,86
=	C) GASTO COMPUTABLE FINAL	16.158.766,34

O gasto computable derivado da liquidación de 2018 é de 16.158.766,34 euros, cifra que é menor ao límite de gasto computable para o ano 2018, que era de 16.377.158,74 euros, do que se deriva que o Concello de Riveira CUMPRIU coa regra de gasto na liquidación do orzamento de 2018.

*Os axuste SEC95 que se recolle son os referentes aos acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento (-50.772,49 euros).

**O desglose dos gastos financiados con fondos finalistas é o seguinte, recolléndose os gastos concretos no anexo I a este informe:

AXENTE FINANCIADOR	IMPORTE
Deputación da Coruña	804.980,92
Xunta de Galicia	1.663.825,76
Outras AAPP	507.861,93
TOTAL	2.976.668,61





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

*** As obrigas correspondentes a IFS financiadas con RTGX recóllense no anexo II a este informe.

DÉBEDA VIVA

A LOEPSF (art. 13) establece a obriga de non superar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,7% do PIB para o exercicio 2018.

Dado que para a Administración Local no se estableceu en termos de ingresos non financeiros o obxectivo, resulta de aplicación o límite que estable o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando o disposto na Disposición Final Trixésimo primeira da LPGE para 2013:

“Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.

A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de avals, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado.”

Non obstante, o límite de débeda determinarase nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do estado español, e neste computarían so os avais executados.

O volume de débeda viva a 31/12/2018 ofrece o seguinte dato:

PORCENTAXE DE ENDEBEDAMENTO	
CV	7.427.134,21 euros
ILC	20.362.880,63 euros
EL = (CV / ILC)*100	36,47%

EL: Endebedamento Local

CV: Volume total de Capital vivo das operacións vixentes a corto e longo prazo, a 01/01/2019.

ILC: Ingresos correntes liquidados polos capítulos un a cinco do orzamento do exercicio 2018.

SEGUIMIENTO DO CUMPRIMENTO DO DESTINO DO SUPERÁVIT DA LIQUIDACIÓN DE 2017

O artigo 32 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación a reducir endebedamento ou, alternativamente, aos destinos previstos na Disposición Adicional Sexta da mesma.

O superávit de 2017 foi de 4.199.918,36 euros.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

O destino dado durante 2018 foi:

Destino	Importe
a) Aplicar gasto da conta 413	-
b) Gasto en Inversións Financeiramente sostibles	
- IFS 2017	501.506,88
- IFS 2018	1.746.145,24
c) Reducir endebedamento neto	1.952.266,24
Total superávit utilizado	4.199.918,36

O artigo 28.f) da Ley 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información e Bo Goberno establece que constitúe infracción moi grave non destinar o superávit da liquidación nos termos que establece o artigo 32 e a Disposición Adicional Sexta da LOEPSF.

CONCLUSIÓN

Por tanto, a liquidación do Concello de Riveira:

1. **Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria**, obtendo unha capacidade de financiación ao peche do exercicio de 1.669.522,30 euros.
2. **Cumpre co obxectivo de regra de gasto**, cunha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ao peche do exercicio de 218.392,40 euros.
3. **Cumpre co límite de débeda**, cun volume de débeda viva que ascende a 7.427.134,21 euros, que supón o 36,47 % dos ingresos correntes de carácter ordinario.

En Riveira, á data da sinatura dixital,

O INTERVENTOR,

Pablo Bao Castro

ANEXO I: GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS

Conservatorio municipal	19000
Animador deportivo	15000
Técnico museo	9456,05
Normalización lingüística	12000





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Técnico xestión cultural	12000
Técnico San Roque	14000
Oficinas turismo	20000
Limpeza de praias	27938,24
Rede Cultural 2018	33074,8
Rede cultural 2017	2294
POS + provedores	105646,34
Reparación aseos Biblioteca Municipal	20586,99
Pavimentación camiños Concello	131549,76
Renovación beirarrúas Avda. de Ferrol	42713,66
Pavimentación Rosalía de Castro	119443,71
Remodelación parque infantil Muíños	48465,84
Melloras illamento e eliminación barreiras Biblioteca	22565,82
Melloras campo fútbol Oleiros	20996,42
Acondicionamento Parques Tasca e Abesadas	35842,89
Pavimentación rúa Faxinde e camiño Areeiros	59299,99
Pavimentación camiños Dean Grande	11465,42
Instalación rede saneamento en Bretal	11615,38
Mellora rede saneamento Vixán (PMA 2016)	10025,61
TOTAL SUBVENCIONS DEPUTACIÓN	804980,92

Plan drogodependencias	363735,26
Servizos sociais	189000
Axuda no fogar	354331,91
CIM	35000
Poboación inmigrante	2437
ADL	10171
Socorristas	9000
Técnico orientador de emprego	25000
Axente TIC	18750
Auxiliares policía local	6000





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Convenio antilume	55894,62
Informadores turísticos	5200
Festa da Dorna	3000
Aprol rural	17489,54
Brigada temporal Risga 2018	32630,62
Obradoiro de emprego 2018	60092,6
Curso AFD	2970,45
Curso AFD 2017	13731,62
Obradoiro de emprego 2017	142198,54
Brigada temporal Risga 2017	17341,7
Reforzo da estrada da Gándara	15326,56
Melloras saneamento Barreira	6738,43
Rahabilitación lavadoiro Artes	41338,64
Adquisición libros	3716,81
Accesibilidade faro de Corrubedo	28193,41
Beirarrúas Avda. Carregal	54571,7
Escolas infantís	13075,87
Construcción mercado municipal	72525,02
Acondic. Bancadas Fieiteira	20182,28
Saneamento Vixán	11444,48
Cuberta Fieiteira	32737,7
TOTAL SUBVENCÍONS XUNTA DE GALICIA	1663825,76

Estado Edusi+RA	506062,17
Concello de Porto do Son	1799,76
TOTAL SUBVENCÍONS OUTRAS AAPP	507861,93

TOTAL GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS	2976668,61
---	-------------------

ANEXO II: INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES





INVERSION	OR
Pavimentación e instalación de pluviais na rúa Vicente Risco	18.298,44
Instalación de servizos e pavimentación da Rúa Martín Códax	26.535,30
Pavimentación no lugar de Laxes, do Vilar e de Frións	38.124,68
Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo en Mosqueiros	43.983,51
Pavimentación do camiño de Pereiras e do acceso ao Hospital en Oleiros	23.147,95
Instalación de rede de pluviais en A Revolta	10.445,94
Renovación da liña de abastecemento en Rúa Sálvora	35.412,83
Adoquinado da explanada do centro social de Oleiros	48.083,60
Renovación de servizos en Parte ao Río	24.575,10
Instalación de rede de saneamento en Pedra do Pino (Corrubedo)	12.622,61
Pavimentación da Rúa da Muralla e da Rúa Luis Pimentel en Aguiño	17.963,07
Ampliación da rede de saneamento en Rúa do Porto (Aguiño)	11.517,30
Renovación de praza na Rúa Rafael Dieste	34.473,61
Adquisición sistema integrado Atenea	19.119,07
Instalación sistema ventilación na Fieiteira	17.405,85
TOTAL OBRIGAS RECOÑECIDAS IFS	381.708,86

O pleno da Corporación queda enterado.

15.-MOCIÓNS DE URXENCIA.

De acordo co disposto no **artigo 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais** e, antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós Sres. concelleiros se desexan someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba á convocatoria e que non teña cabida no punto seguinte, **NON presentándose NINGUNHA**

16.-ROGOS E PREGUNTAS.

Procédese a tratar os **rogos e preguntas** polo seguinte orde:

16.1-ROGOS:





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

1º.- Rogo do **concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas** (portavoz do grupo m. BNG), sobre a reparación dunha pasarela na Praia da Catia que dá acceso ao Carreiro en Aguiño.

Responde o **Sr. Alcalde** (grupo m. P.P.) informando que non sei si xa está arranxado porque hai orden de facelo, e polo tanto, si non está en pouco tempo o estará.

2º.- Rogo do **concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas** (portavoz do grupo m. BNG), sobre que na Rúa nº 6 da parroquia de Corrubedo, hai una casa cuxo estado de abandono é foco de suciedade, e que se proceda, previo contacto coa propiedade, á limpeza e desratización da zona da casa e que a pavimentación da rúa forme parte do próximo plan de obras.

Responde o **Sr. Alcalde** (grupo m. P.P.) informando que intentarase; mañán se lle dará conta tamén para que alí pasen a desratizar, e o Sr. Freire fará as xestións que poda.

3º.- Rogo da **concelleira María do Pilar Sampedro Laranga** (grupo m. BNG), sobre a subvención para unha escultura na honra de Plácido Betanzos a situar en Palmeira. Que os representantes dos grupos municipais que continúen na seguinte Corporación se comprometan a apoiar a inclusión desta partida nos próximos orzamentos municipais. Dita aportación suporía o 50% do custo total da escultura, que é de 16.000 €, é dicir, que o Concello aportaría 8.000 €. O resto, outros 8.000 €, aportaríao a comisión mediante donativos e aportacións doutros Concellos da Comarca, que xa nos amosaron a súa disposición.

Responde o **Sr. Alcalde** (grupo m. P.P.) informando que eu entendía que nestos momentos, e finalizando esta Corporación e non habendo presupostos, non era o momento mais axeitado para aprobar ningún tipo de axuda por parte do Concello, posto que a parte de que podría haber entre os grupos opinións diferentes, se esixía un cambio nas bases de execución do presuposto. Eu o que sí lle teño manifestado á Asociación, é o visto bó deste grupo municipal e do Alcalde para que no caso da presentación dos presupostos do ano 2019, que conte coa colaboración e aprobación por parte do noso grupo, có cal, o papel que teña na nova Corporación vámolos a saber o día 26.

4º.- Rogo do **concelleiro José Manuel Vilas Álvarez** (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), sobre no lugar de Bretal, na parroquia de Oliveira, que se dé orde a quen corresponda para efectuar o desbroce da maleza na parcela. Que se realicen labores de limpeza da instalación da fosa séptica, e que sexa valorada por técnico competente, para o seu posible uso e reutilización noutro lugar axeitado.





Responde o **Sr. Alcalde** (grupo m. P.P.) informando que neste caso a Sra. Pereira xa lle podería ter informado, supoño que o fixo, que o Concello precisamente ten anunciado non solo o feito de limpar esa parcela senon actuar e poder alí facer unha actuación interesante para todo aquel núcleo de Bretal, unha vez que xa non presta labor.

16.2-PREGUNTAS:

1º.- Pregunta do **concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas** (portavoz do grupo m. BNG), sobre cal é a situación actual da canceira de Riveira en relación ao cumprimento da nova lei?. Son precisos cambios nas instalacións?. De ser así tense cuantificado o seu custe?. Existe algún proxecto redactado para realizar a curto prazo?.

Responde o **Sr. Alcalde** (grupo m. P.P.) informando que nestos momentos aproboase na última Comisión de Goberno determinadas obras para os bebederos e para mellorar o que é a situación dos cans que alí hai, e están traballando os Servizos Técnicos para facer o pliego para poder sacar a concurso, e dentro deles unha das cousas que se contén é precisamente a ampliación das canceiras a cargo de quen o gane, e a parte, lóxicamente dentro do cumprimento da lei de protección benestar que vostede fai mención. Nestos momentos, ata onde me teñen comunicado cumpre coas esixencias da lei e o que temos que facer é sacalo en concurso para que se regularice o sistema.

2º.- Pregunta do **concelleiro Luís Antonio Pérez Barral** (grupo m. BNG), sobre unha exposición de carácter militarista que promoveu o executivo local e o Ministerio de Defensa. Que motivo levou ao Concello de Riveira a promover unha exposición que ten como fundamento unha guerra motivada por intereses económicos e que provocou un dano terríbel na poboación civil?. Ampara o Goberno local as inxerencias e invasións cometidas por Estados Unidos e apoiadas polo Estado español en diferentes rexións do mundo?.

Responde o **Sr. Alcalde** (grupo m. P.P.) informando que esta é unha iniciativa que se levou por moitos concellos de España, que foi unha iniciativa que a dirección de Defensa en Galicia, pois, ofreceu ao Concello, que a nós nos pareceu moi interesante porque había razóns de peso, a primeira non ten nada que ver con ningunha das razóns que vostede alude, evidentemente, a inicial actitude de Estados Unidos nese lugar foi propia, sin o apoio no seu momento da ONU, nin do que é España, posteriormente, si saben que houbo varios acordos tanto do que foi na OTAN no seu momento, como posteriormente da Comisión de Seguridade de Nacións Unidas para intervir, e sobre todo para garantir o que é a paz na rexión, para formar ao propio exercito afgano do que era a posibilidade futura de poder eles mesmos garantir a paz no seu territorio, un territorio que secularmente, pois, estivo sometido a todo tipo de guerras, xa non pensemos as que tivo coa antiga Unión Soviética, senon os propios señores da guerra como alí son coñecidos, e a labor de España é a que quixemos subliñar, que





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

é unha labor totalmente humanitaria, non de guerra, está nun lugar que é dos mais tranquilos, por certo desa rexión, no que se ve a labor que fai o exército dende atender ao pueblo afgano, de prestarlle asistencia médica, nos contaban detalle como que dende a infancia non probaron ningún deles un solo medicamento e cada vez que lles dan un medicamento lles fai un efecto que soluciona practicamente como nos meniños o apiretal, que soluciona practicamente todo porque o seu corpo non está acostumbrado. O que quixemos foi precisamente subliñar ese papel, non de conflito, senon todo o contrario, e a parte un erro que cometemos e que cando foi o acto de presentación foi sinalado polo representante de Defensa que é un acto tamén de homenaxe a todos aqueles que prestando esa labor humanitaria perderon a súa vida alí, entre eles, un riveirense; eu a parte de pedirlle disculpas no seu momento á familia porque creo que foi un descoido imperdonable, pois, sí lle prometín e lle dixen que no acto de clausura sí que temos que facer un recordo a ese riveirense que indo a prestar no mellor da súa vida unha labor alí, perdeu a súa vida.

E non sendo outro o obxecto da sesión o **Sr. alcalde-presidente** deuna por finalizada sendo as **21 horas e 34 minutos** do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde

O secretario

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle.

